

LISTA DE ASISTENTES

Membros da Comisión:

Carmen García Mateo (presidenta)
Manuel García Sánchez (secretario)
José Ramón Fernández Bernárdez
Manuel Fernández Veiga
Alberto Gil Solla
Cristina López Bravo

Outros asistentes:

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de cinco de decembro de dous mil dezasete, reunida ás 11:00 h na sala A010 da EE de Enxeñaría de Telecomunicación.

O Martes, **día 5 de decembro de 2017**, ás 11:00 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

A orde do día contén os seguintes puntos:

1. Informe da coordinadora
2. Aprobación, se procede, de actas anteriores
3. Valoración do “Informe Provisional de Seguimento 2016/17” da ACSUG e toma de decisións.
4. Asuntos de trámite
5. Rogos e preguntas

Punto 1. Informe da coordinadora

A coordinadora informa dos seguintes asuntos:

- a. Enviouse a EIDO a petición de que se habilite o pago fraccionado da matrícula de doutoramento para estudantes estranxeiros, consonte o aprobado na CAPD de 21/11/17.
- b. Déuselle o VºBº os informes de desempeño dos bolseiros pre-doutorais da Xunta Fátima Castro Jul, Rocío Moure Fernández, Anxo Tato Arias e o bolseiro FPU Simón Oya Díez.
- c. Convocarase unha reunión de tódolos directores de Tese do programa ara o 19 de este mes.
- d. Estase actualizando a información da páxina web do programa para incorporar:
 - Membros dos tribunais das teses xa lidas.
 - Información sobre a mención internacional das teses lidas.
 - Listaxe de publicacións dos estudantes.
 - Listaxe de estadías pre doutorais saíntes.

Punto 2. Aprobación de actas

Apróbase, por asentimento, a acta de 21 de novembro de 2017.

Punto 3. Valoración do “Informe Provisional de Seguimento 2016/17” da ACSUG e toma de decisións.

Revisase detidamente o mencionado informe. A CAPD valora positivamente as recomendacións feitas pola ACSUG e agradece a súa labor. Acorda que actualizará o Plan de Mellora con estas recomendacións. Asemade acórdase non facer alegacións ó informe.

Punto 4. Asuntos de trámite

Apróbase a modificación dos agradecementos da Tese de Nuno Ricardo Cordeiro Leonor para engadir o seguinte parágrafo: *“This PhD thesis would also not have been possible without the financial support provided by the Portuguese Foundation for Science and Technology (FCT), through the financial support provided under the POPH/FSE funding.”*

Apróbase a matrícula a tempo parcial de Abel Fernández Nandin.

Punto 5. Rogos e preguntas

Non hai

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión.

O Secretario,

Manuel García Sánchez

VºBº
A Presidenta,

Carmen García Mateo